



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETO

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Xoán Ramón Doldán García como director do Instituto Enerxético de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa da Filloa de Lestedo, no concello de Boqueixón

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA

- Informe sobre conxuntura económica

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Informe polo que se dá conta do equipamento informático e multimedia e infraestruturas de comunicación nos cursos 2006-2007 e 2007-2008

A XUNTA DECLARA FESTA DE INTERESE TURÍSTICO A FESTA DA FILLOA DE LESTEDO

- *A celebración, que vai pola súa vixésimo cuarta edición, ten lugar todos os anos o domingo seguinte ao martes de Entroido*

O Consello da Xunta declarou hoxe, a proposta da Consellería de Innovación e Industria, a celebración da Festa da Filloa, que ten lugar na parroquia de Lestedo, en Boqueixón, como festa de interese turístico de Galicia. A festa, que vai xa pola súa vixésimo cuarta edición, celébrase todos os anos o domingo seguinte do martes de Entroido.

O Goberno galego adoptou esta decisión logo de que a Comisión de Valoración de Festa de Galicia de Interese Turístico, presidida pola Dirección xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria, se manifestara a favor de conceder esta declaración, tendo en conta características tales como a antigüidade e arraigo da festa, coa súa celebración nos últimos 24 anos cunhas cotas de participación que chegaron a superar os 15.000 participantes; a súa singularidade, posto que esta degustación gastronómica é unha das primeiras celebradas en Galicia, centrada nun produto exclusivamente galego.

A peculiaridade da mesma está marcada polo seu labor de promoción e conservación da cultura, mediante a incorporación á mesma dos 'altos' e 'atranques' dos Xenerais e Correos do Entroido do Ulla, a promoción do folclore galego e unha selección de xogos tradicionais, así como a promoción da creatividade a través do xa tradicional concurso de carteis e da máquina filloeira, única na comunidade.

Outro elemento que se tivo en conta é o seu valor cultural por tratarse dunha festa que, ademais de exaltar este produto tan típico, foise convertendo co paso do tempo nun instrumento para a conservación e a posta en valor de diversas tradicións culturais da comarca do Ulla e de Galicia.



A ECONOMÍA GALEGA MANTIVO UN SÓLIDO NIVEL DE CRECEMENTO NO ÚLTIMO TRIMESTRE DO 2007 E SEGUIRÁ CONVERXENDO CON ESPAÑA E COA UNIÓN EUROPEA EN 2008

- *Os datos que se están a coñecer respecto do cuarto trimestre do ano indican que continúa a boa marcha da economía galega que rematará 2007 cun crecemento en torno ao 4%, dúas décimas máis do previsto en España*
- *As proxeccións de organismos internacionais e os últimos acontecementos económicos apuntan a unha desaceleración do crecemento mundial que incidirá nunha certa desaceleración da economía galega*
- *A economía galega acumula sete trimestres crecendo por riba da media española e europea; continúa rexistrando bos indicadores de actividade e emprego e afronta o escenario próximo con medidas de dinamización da obra pública, de política fiscal e de políticas sociais*

A economía galega vén de rematar o ano 2007 cun sólido crecemento e positivos rexistros nos principais indicadores de actividade. Os datos que se están a coñecer respecto do cuarto trimestre do ano indican que continúa a boa marcha da economía galega, se ben reflicten unha lixeira desaceleración en consonancia co contexto internacional. Así se recolle nun *Informe sobre conxuntura económica. Programa de medidas* presentado hoxe ao Consello da Xunta polo conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, no que se repasa a evolución dos principais indicadores no último treito do exercicio e o programa de medidas de dinamización económica.

O informe presentado ao consello conclúe, á vista da evolución destes indicadores, que a economía galega -a pesar dunha lixeira desaceleración no último trimestre- pechará o exercicio 2007 cun crecemento en torno ao 4%, o que supón dúas décimas máis que o previsto para o conxunto da economía española (3,8%).

Previsión de evolución

Tendo e conta todos estes indicadores e as proxeccións máis recentes de organismos como a OCDE e a Comisión Europea, o informe aborda a previsión de evolución da economía mundial e galega. Así, e considerando os últimos acontecementos económicos, o prognóstico é dunha desaceleración da economía mundial en 2008, escenario ao que Galicia tamén será sensible dado o elevado grado de integración da economía galega nos mercados mundiais. Sen embargo, o dinamismo amosado pola economía galega -que acumula sete trimestres consecutivos cun crecemento do PIB galego superior ao español e comunitario-, as previsións de evolución permiten



anticipar que, pese á desaceleración, Galicia continuará converxendo con España e coa Unión Europea.

Accións e medidas previstas

En canto as accións e medidas previstas polo Goberno galego neste contexto, salienta o impulso da licitación pública cun Plan de Dinamización da Obra Pública que perseguirá a axilización da licitación e contratación de obra pública no ámbito das estradas, a vivenda, o solo industrial e as infraestruturas hidráulicas. Este plan terá una dotación de 1.575 millóns de euros no ano 2008, dos que 804 millóns se investirán no primeiro semestre. Do total destinado a este capítulo, 761 millóns de euros irán a infraestruturas de transportes; 229 millóns destinaranse ao ciclo da auga; 226 millóns a vivenda e solo; 99 millóns a centros sanitarios; e 68 millóns a centros educativos.

No ámbito da política fiscal, a reforma en profundidade do Imposto de Sucesións e Doazóns, complementará as medidas de gasto. Esta reforma elimina o risco de deslocalización por motivos fiscais; facilita o acceso a vivenda para os mozos; facilita os procesos de sucesión na empresa familiar; e incentiva as transmisións entre pais e fillos. En conxunto, a reforma deixará fóra de tributación ao 90% das herdanzas.

Outra das accións previstas é o impulso do Programa de Vivenda en Aluguer do que se teñen beneficiado 3.200 familias, con axudas de ata o 60% do prezo do piso para rendas de ata 1.200 euros ao mes. Este programa complementase coa renda de emancipación, para mozos de entre 22 e 30 anos, que facilita axudas de ata 210 euros ao mes e axudas para avais e para o pago de fianzas.

Tamén neste ámbito se poñerán a disposición da iniciativa privada 540.000 m² de solo residencial para a construción de 4.000 vivendas protexidas ao longo do primeiro semestre de 2008, nas áreas próximas ás principais cidades, alí onde existe unha maior demanda. Adicionalmente, cualificaranse 6 millóns de m² para desenvolver 40.000 vivendas protexidas, nos próximos seis anos, grazas ao desenvolvemento do Plan Sectorial de Solo Residencial durante o 2008.

No ámbito do apoio á creación de autoemprego, destínanse 35 millóns de euros no ano 2008 a fomentar o autoemprego. Neste sentido, aumentan as contías das subvencións a novos autónomos ata os 10.000 € por autónomo; e no caso de colectivos máis desfavorecidos, como as persoas con discapacidade, as axudas poden acadar os 25.000 euros.

En canto á Lei de Dependencia, en 2008 o sistema de atención á dependencia ofrecerá cobertura a cerca de 18.000 dependentes. Esta medida permitirá contribuír á creación de emprego, a través da profesionalización da figura do coidador das



persoas dependentes no ámbito da familia, que implicará a alta na Seguridade Social en 2008 a 9.765 persoas.

Por último, a actualización das pensións polo IPC de novembro 2007 (4,1%) permite aos xubilados galegos gañar 1,6 puntos de poder adquisitivo, como diferenza respecto ao IPC medio en Galicia en 2007 (2,5%). O importe desta paga compensatoria sobre unha pensión media ascende a 196 euros. Adicionalmente, as pensións mínimas medran en 2008, un 6,5% para pensión mínimas con cónxuxe a cargo e no 5%, sen cónxuxe a cargo. En Galicia, esta actualización beneficia a 691.667 pensionistas. Igualmente, a deflactación das tarifas no IRPF terá efectos sobre a renda dispoñible das familias.



EDUCACIÓN ANTICÍPASE AO OBXECTIVO PREVISTO PARA O REMATE DESTE CURSO DE ACADAR UNHA RATIO DE 6 ALUMNOS POR ORDENADOR NOS CENTROS PÚBLICOS

- *Redúcese á metade este indicador con respecto ao curso 2005-2006*
- *Os centros públicos galegos contan actualmente con case o dobre de equipos informáticos que hai dous anos*
- *Educación está a distribuír estes días máis de 9.000 portátiles e ordenadores de escritorio*
- *O investimento nestes dous anos en equipamento informático, servizos e infraestruturas ascende a máis de 38 millóns de euros*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a distribuír estes días un total de 9.066 equipos informáticos, en concreto 7.143 ordenadores de escritorio e 1.923 portátiles. Con esta acción, a ratio alumno por ordenador redúcese a 6, obxectivo previsto pola Administración educativa para alcanzar ao remate deste curso 2007-2008. No curso 2005-2006 este indicador era de 12 alumnos por equipo. Ademais, esta dotación de ordenadores complétase este curso coa distribución de 300 proxectores, 160 encerados e 200 impresoras. A Consellería de Educación destinou en 2007 para equipos informáticos e material multimedia un total de 11,2 millóns de euros.

Esta acción enmárcase no obxectivo que se marcou a Administración educativa desde a chegada ao Goberno de dar un importante pulo á implantación do uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) en todos os centros públicos, tanto a través da dotación de material informático como mediante a mellora das infraestruturas.

Así, nestes dous anos, a Consellería de Educación adquiriu un total de 26.607 portátiles e PC. En total, a Administración galega puxo á disposición da comunidade educativa máis de 36.000 equipos informáticos e multimedia (ordenadores, portátiles, proxectores, encerados, impresoras e outros materiais).

Deste xeito, a dotación realizada nestes dous anos permitiu practicamente duplicar o número de equipamentos de centros informáticos da rede de centros públicos, pasando dun parque de 32.000 ordenadores no curso 2005-2006 aos 58.000 deste ano académico.

Proxecto Wifi nos centros de infantil e primaria

A totalidade dos 1.000 centros de primaria e secundaria contan con cableado básico, é dicir, con acceso á Internet en espazos administrativos, na biblioteca, na aula de



informática e na sala de profesores. Ademais, case o 80% dos centros de secundaria contan con canleado estendido a todas as dependencias, mentres que nos centros de primaria esta porcentaxe é de arredor do 8%.

O obxectivo da Administración educativa é que ao remate da legislatura todos os centros de primaria e secundaria conten con conexión integral, ben por cableado ou mediante tecnoloxía Wifi. Neste senso, a consellería vai poñer en funcionamento un proxecto nos centros de infantil e primaria para dotalos dunha intranet que permita o acceso á rede desde todas as dependencias, utilizando tecnoloxía Wifi.

Máis de 38 millóns de euros

A Administración educativa destinou entre 2006 e 2007 máis de 38 millóns de euros, tanto en infraestruturas e servizos de rede como en dotación de equipos informáticos. En concreto, achegou á instalación de cableado nos centros neste período 2,8 millóns de euros, e 2,2 millóns de euros anuais á prestación do servizo de redes de datos.

Por outra banda, nestes dous anos a Administración educativa investiu 22,8 millóns de euros na adquisición de equipos informáticos. Pola súa banda, a entidade pública empresarial Red.es achegou un total de 8.327.127 euros a esta acción.

Para o curso 2008-2009 a consellería ten previsto realizar un investimento de 9 millóns de euros en equipos informáticos e audiovisuais. Con esta acción orzamentaria o próximo curso distribuiranse novos encerados dixitais, videoproxectores, impresoras, PC e portátiles.